

FERROL, FERROL, FERROL ONDE EU NACÍN

O Polvorín

POR SIRO



Non recordo a explosión do Polvorín porque o 22 de xuño de 1943, en que se produciu, eu tiña cinco meses; pero as testemuñas que recollín danme idea cabal do pánico que viviu a cidade. Ás cinco horas e corenta e catro minutos da mañá produciuse o primeiro estoupido. O Polvorín grande, o número 9, ubicado onde hoxe están as piscinas do Clube de Suboficiais da Armada, en Caranza; e ás seis o segundo, moitísimo máis forte. O ceo púxose vermello, as rúas cubríronse de vidros rotos, e os balcóns e ventás enchéronse de persoas estarecidas que coidaban sufrir un ataque dos aliados. Tamén o creron os xefes militares, que deron orde aos soldados de deixar os cuarteis —algúns saíron a medio vestir— para iren aos postos de defensa.

Nunha rúa do centro un home clamou cos puños pechos: *¡Canallas, contra a poboación civil, que dorme!* Outro, que ollou a dársena desde o tellado, comentou: *¡Non é un ataque. Debeu de ser a santa Bárbara dun barco!* Pero a xente botouse ás rúas, e o alcalde Ballester, que vivía na do Sol, esquina Sánchez Barcaiztegui, enriba da tintorería Amigo, saíu en pixama a pedir calma. Foi unha acción aguerriada, que botou a perder cando minutos despois o seu coche, un precioso Buick, levaba a familia á casa de veraneo que tiñan nas Pontes.

Moitas familias buscaron seguridade nos arredores da cidade; algunhas, como a de Antonio Ruibal Caruso, nas casas das súas leiteiras, en Cobas. Tamén as monxas do hospicio levaron os nenos, en ringleira, á Malata. Quen mostrou gran serenidade foi don Juan Sobrino, o médico, que vivía na rúa Ma-



ría, á altura da antiga Casa Cuna. Ficou un anaco no balcón, moi atento, e logo explicou aos veciños que non era un ataque, senón o Polvorín de Caranza, que explotara.

Malia o medo que provocou, a explosión do Polvorín non causou vítimas porque se conseguiu evacuar as instalacións aos poucos minutos de se descubrir o incendio. O que aínda hoxe non está claro é se o incendio foi accidental ou unha sabotaxe. A versión oficial falou dun accidente, pero hai quen defende con argumentos que non son simple elucubración, que se tratou dunha sabotaxe, quizais dirixida polo goberno británico. Os ferroláns que superan os oi-

tenta anos recordan os avións ingleses voando sobre a cidade sempre que un submarino alemán entraba no dique. Sospeitábase que en Ferrol había algún espía británico porque ás poucas horas de chegar o submarino aparecía no ceo un avión inglés. O meu amigo Arcadio de la Vega paseaba a mañá do 2 de abril de 1947 polas praias de Cobas, e ao chegar á do Vilar, detrás da Pena Maior viu un barco de guerra varado e na area unhas balsas salvavidas. No costado lía-se o nome *Freelock*. Era unha fragata inglesa, e por eso aquela praia pasou a ser *a praia da fragata* e hoxe é *praia fragata*.

Arcadio debeu de ser o primeiro en vela, despois foron

chegando algúns veciños de Cobas e logo as autoridades de Mariña e moitos ferroláns curiosos. A fragata *Freelock* formaba parte da *Royal Navy* inglesa e fora vendida, nun lote de cincuenta buques, a China. Na noite do 1 de abril ía remolcada por outro buque inglés, o *Larklock*, con destino a Shanghai, cando o temporal rompeu o remolque, e chegou á costa. Non se puido poñer a flote e en setembro foi desguazada e vendida como chatarra.

Hai pouco vin a coñecida pintada *Hagamos el amor y no la guerra*. Alguén escribira debaixo: *Eu fago as dúas cousas. Levo 20 anos casado.*

siro@siroartista.com

FAÍSCAS

La visita

Se ha tomado su tiempo, no hay duda. Cuando el presidente de la Sepi, Ramón Aguirre, llegó el miércoles a Ferrol para visitar Navantia hay una respuesta que no será de recibo: que estudiará las propuestas que se le hagan. Ya las conoce: basta con que haya visto alguno de los últimos telediarios de la etapa de imparcialidad (foto de Navantia a saber lo que dirán tras la depuración). Pero todo es posible en este mundo al revés en el que vive Navantia. Empezando por la propia situación. ¿Se imaginan a los empleados de una zapatería presionando a su patrono para que exhiba en el escaparate el calzado más atractivo en lugar de los vetustos pares desclasificados que lo ocupan? ¿Y a los operarios de una obra que se declaran en huelga porque quieren rematar la construcción antes y más barato que el contratista? No es otra cosa diferente lo que sugieren los trabajadores del astillero ferrolano cuando hablan del dique flotante. En una inaudita inversión de roles están asumiendo el papel de gestores de la empresa pública ante la dimisión, fuga o escondite de sus responsables. No: Ramón Aguirre o el nuevo presidente de Navantia no pueden venir como venía antes el ministro de Marina a una botadura, a hacerse la foto, presidir un bochornoso besamanos bendecido por el obispo y marcharse hasta la próxima. Tendrá que llegar con una respuesta meditada, o de lo contrario habrá que preguntarse de qué le ha valido a los ferrolanos conceder la mayoría absoluta de su ayuntamiento al partido que lo designó para el puesto. Pronto lo sabremos.

INSTITUCIÓN BENÉFICA



• **COCINA ECONÓMICA** •

Contribuya al sostenimiento de este comedor-social, haciéndose socio benefactor o entregando un donativo

Más de 120 años al servicio de la beneficencia ferrolana y comarca

Rubalcava, 29 • 15402 FERROL
Tel.: 981 35 31 17 • Fax: 981 35 00 95
E-mail: ceconomica@ceconomica.com